

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

- 7710** *Real decreto 534/2013, do 12 de xullo, polo que se modifican os reais decretos 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais; 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, e 1892/2008, do 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas.*

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, introduce un modelo de control da calidade das novas titulacións de grao, máster e doutoramento baseado en tres tipos de procedementos: o de verificación inicial dun título, o de seguimento e o de renovación da acreditación. Esta última débese producir antes de se cumpriren catro anos, no caso dos másters universitarios, e seis anos, no caso dos graos e doutoramentos. As súas consecuencias son moi relevantes, porque se neses prazos unha titulación non obtén a renovación da súa acreditación perderá o seu carácter oficial e deberase dar de baixa no RUCT. Dado que os primeiros títulos de máster oficial foron verificados por un procedemento abreviado durante o curso académico 2008/09, resulta que hai no Sistema universitario español arredor de 1.900 másters que necesitarían obter a renovación da súa acreditación ao longo deste curso 2012/13 para poder seguir impartíndose no curso 2013/14.

Son varias as razóns que aconsellan nestas circunstancias a aprobación dunha moratoria da posta en marcha do sistema de renovación da acreditación das titulacións. Por un lado, o curso académico está xa case consumido e a normativa establece un prazo de seis meses para a tramitación destas solicitudes, que non vai ser posible resolver a tempo. Por outro lado, na actualidade estase traballando na elaboración duns protocolos de harmonización dos procedementos de renovación da acreditación, que non puideron ser aínda aprobados de maneira oficial. Finalmente, a xestión destes procedementos exige contar con recursos humanos e financeiros por parte das axencias avaliadoras, así como impartir a formación dos equipos e comisións que se van encargar destas tarefas. Por tanto, establécese mediante o presente real decreto unha moratoria de dous cursos académicos para a obriga de someter as titulacións oficiais ao procedemento de renovación da acreditación.

Porén, para respectar o dereito das universidades que xa teñen preparados os seus títulos para os someteren a este exame de acreditación, e mesmo xa o solicitaron, permítese que durante o curso 2013/14 se poida pór en marcha o sistema con efectos oficiais para os seus solicitantes.

Pola súa parte, o Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, substitúe a regulación destes títulos establecida polo Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e impón a obriga de adaptar os programas verificados conforme esa normativa ás novas disposicións que introduce. O límite temporal para facelo era o inicio do curso académico 2013/14. Dada a proximidade desa data e conscientes da carga de traballo que comporta esa adaptación, decídese igualmente ampliar o prazo establecido por un curso académico e manter a data do 30 de setembro de 2017 como límite para a extinción definitiva dos programas rexidos polo Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

Aprovéitase tamén a modificación do mencionado Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, para reformar o seu artigo 14.7, relativo ás posibles cualificacións que debe outorgar o tribunal avaliador da tese doutoral, de maneira que se amplían as posibilidades que o actual baremo ofrece.

Por último, o Consello de Ministros aprobou o pasado 17 de maio a remisión ás Cortes Xerais do proxecto de Lei orgánica para a mellora da calidade educativa, de acordo co artigo 22.4 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. Este proxecto supón a modificación do sistema de acceso e admisión ás universidades españolas. Atendendo ás ditas circunstancias, cómpre aprazar a implantación da proba oral da lingua estranxeira da proba de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao. Tamén é preciso posibilitar o aprazamento da implantación dos ciclos formativos de Artes Plásticas e Deseño establecidos pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ao curso escolar 2014/15.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, e emitiron informe o Consello de Universidades, o Consello Escolar do Estado e o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de xullo de 2013,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.*

Introdúcese unha disposición transitoria sexta no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria sexta. *Implantación do sistema de renovación da acreditación das titulacións universitarias oficiais.*

Amplíase por dous anos, computados de data a data, o prazo aplicable para a renovación da acreditación prevista nos artigos 24.2 e 27 bis deste real decreto para aqueles títulos universitarios oficiais aos cales correspondería obtela nos cursos académicos 2012/13, 2013/14 e 2014/15.

Sen prexuízo da ampliación de prazo establecida no parágrafo anterior, as comunidades autónomas poderán abrir un prazo de dous meses tras a entrada en vigor desta disposición transitoria para que as universidades que voluntariamente o desexen poidan solicitar a renovación da acreditación dos seus títulos cuxo vencemento de prazo se produciu durante o curso académico 2012/13 ou se vaia producir durante o curso académico 2013/14. Estes procedementos terán carácter oficial e producirán os efectos previstos neste real decreto.

Os procedementos de seguimento dos títulos inscritos no RUCT seguirán levándose a cabo durante a moratoria regulada nesta disposición transitoria nos termos previstos polo artigo 27 deste real decreto.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento.*

O Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, queda modificado da seguinte maneira:

Un. O artigo 14, número 7, queda redactado nos seguintes termos:

«O tribunal emitirá un informe e a cualificación global concedida á tese de acordo coa seguinte escala: non apto, aprobado, notable e sobresaliente.

O tribunal poderá outorgar a mención de *cum laude* se a cualificación global é de sobresaliente e se emite en tal sentido o voto secreto positivo por unanimidade.

A universidade habilitará os mecanismos precisos para a materialización da concesión final da dita mención garantindo que o escrutinio dos votos para esa

concesión se realice en sesión diferente da correspondente á de defensa da tese doutoral.»

Dous. A disposición transitoria segunda, parágrafo primeiro, queda redactada nos seguintes termos:

«Os programas de doutoramento xa verificados conforme o establecido no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, deberanse adaptar ao disposto no presente real decreto con anterioridade ao inicio do curso académico 2014/15. En todo caso, tales programas deberán quedar completamente extinguidos con anterioridade ao 30 de setembro de 2017.»

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas.*

A disposición derradeira segunda queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición derradeira segunda. *Exercicio de lingua estranxeira.*

O terceiro exercicio de lingua estranxeira a que fai referencia o artigo 9.3 non incluírá a valoración da comprensión e expresión oral até o curso académico 2015/16.»

Disposición adicional única. *Implantación dos ciclos formativos de grao medio e grao superior das ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño.*

As administracións educativas poderán atrasar o inicio da implantación dos ciclos formativos de grao medio e grao superior das ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño fixado no artigo 21.3 do Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ao curso escolar 2014/15.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O artigo 1 deste real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30.^a da Constitución Española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de xullo de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA